

dos para impartir ensinanzas de réxime xeral non universitarias, e a Orde do 20 de setembro de 1995, que o desenvolve.

Esta consellería, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

### DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar a ampliación de 1 unidade de autistas no centro privado de educación especial *Unidad de Diagnóstico y Tratamiento de Niños Autistas y Psicóticos*, do Concello de Ferrol; a súa composición resultante queda como se reflicte no anexo desta orde.

Segundo.-Para a súa posta en funcionamento o departamento territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Coruña, logo do informe do Servizo Territorial de Inspección Educativa, aprobará expresamente a relación de persoal que imparta docencia na unidade que se amplía.

Terceiro.-Este centro queda obrigado ao cumprimento da lexislación vixente e a solicitar a oportuna revisión cando teña que modificarse calquera dos datos que sinala esta orde.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán formular un recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 26 de novembro de 2009.

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

### ANEXO

Provincia: A Coruña.

Concello: Ferrol.

Localidade: Ferrol.

Enderezo: San Pedro de Leixa, s/n.

Denominación xenérica: centro privado de educación especial.

Denominación específica: *Unidad de Diagnóstico y Tratamiento de Niños Autistas y Psicóticos*.

Titular: *Asociación de Pais de Persoas con Trastorno de Espectro Autista (TEA) da provincia da Coruña* (Aspanaes).

Código do centro: 15025359.

Nivel: educación especial.

Unidades de que constaba: 4 de autistas.

Unidades novas autorizadas: 1 de autistas.

Composición resultante: 5 unidades de autistas.

### ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

*Resolución do 11 de xaneiro de 2010 pola que se convoca a Xornada sobre a protección da legalidade urbanística.*

Dentro do plan de actividades da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2010 e de acordo coas funcións atribuídas pola Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da escola, e pola Lei 10/1989, do 10 de xullo, de modificación da anterior, convócase, en colaboración coa Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, a Xornada sobre a protección da legalidade urbanística, conforme as seguintes bases:

#### 1. Obxectivos.

A disciplina urbanística é o conxunto de instrumentos e poderes xurídicos de que dispoñen os concellos e a comunidade autónoma, dirixidos a evitar que os actos de edificación e uso do solo infrinxan a normativa e o planeamento urbanístico e, en caso de producirse o ilícito, repoñer a realidade física alterada á situación anterior á actuación ilegal, sancionar os responsables da infracción urbanística e exixir a indemnización dos danos e perdas causados.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística é o instrumento organizativo de colaboración entre a comunidade autónoma e os concellos que voluntariamente se integren nela, para o exercicio en común das competencias en materia de disciplina urbanística.

O obxectivo desta xornada é mellorar o coñecemento sobre a Axencia de Protección da Legalidade, os seus obxectivos, prioridades e actividade realizadas, así como acadar un maior grao de coordinación coa actuación urbanística dos concellos integrados nela.

#### 2. Contidos.

Serán tratados, entre outros, os seguintes temas:

1. Os mecanismos de control preventivo. A licenza urbanística municipal. A autorización urbanística autonómica para usos en solo rústico. A inspección e vixilancia urbanística.

2. A investigación de ilícitos urbanísticos.

3. A acción de reposición da legalidade urbanística por obras sen licenza urbanística ou sen autorización autonómica. A execución das ordes de demolición.

4. As infraccións urbanísticas. Persoas responsables. Sancións.

5. A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística. Natureza xurídica. Integración dos concellos. Funcións. Estrutura organizativa.

6. O plan de inspección urbanística para o ano 2010. Obxectivos. Actuacións prioritarias.

7. A disciplina urbanística.

3. Destinatarios.

Alcaldes e concelleiros, secretarios de concellos, persoal funcionario ou laboral dos concellos que desenvolvan funcións relacionadas co urbanismo, inspectores e subinspectores urbanísticos da Xunta de Galicia e interesados en xeral.

4. Desenvolvemento.

Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa de Madrid, 2-4, Santiago de Compostela.

Data: 29 de xaneiro de 2010.

Duración: 6 horas lectivas.

5. Número de prazas.

Limitado pola capacidade do local.

6. Solicitudes.

-Tramitación de solicitudes: as solicitudes irán dirixidas ao director da Escola Galega de Administración Pública (polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela), segundo o modelo que figura como anexo a esta convocatoria, e serán presentadas no rexistro xeral da EGAP, ou ben de calquera das formas previstas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Serán admitidas inscricións por medio de fax enviado ao número 981 54 63 30 ou por correo electrónico dirixido ao enderezo [novas.egap@xunta.es](mailto:novas.egap@xunta.es)

-Inscricións fóra de prazo: só serán admitidas, de quedar prazas libres, coa condición de que cumpran os requisitos xerais antes indicados.

-As persoas solicitantes poderán obter a confirmación da súa admisión se chaman por teléfono, das 8.30 ás 14.30 horas, aos seguintes números: 981 54 62 41-881 99 70 14.

7. Prazo.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o mércores 27 de xaneiro de 2010.

8. Modificacións.

A EGAP reserva para si a facultade de interpretar e de resolver as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento desta xornada, así como a facultade de cancelala se o escaso número de solicitudes non xustificase a súa realización.

9. Certificado de asistencia.

Será entregado un certificado de asistencia, ao final da xornada, a aquelas persoas inscritas que participasen asiduamente, e sempre que a súa asistencia sexa igual ou superior ao 85% das horas lectivas programadas. Neste documento aparecerán de forma expresa a natureza da actividade e a data de realización.

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2010.

Pablo Figueroa Dorrego  
Director da Escola Galega de Administración  
Pública

FOLLA DE INSCRICIÓN

1. SOLICITANTE	
Apelidos	DNI
Nome	
2. DATOS PROFESIONAIS	
Posto de traballo/ Profesión	Nivel (2)
Corpo, subgrupo ou escala (1)	
Entidade en que presta servizos: (3)	
Enderezo do posto de traballo: rúa	Nº.
	Localidade
	Provincia
	CP
	Tfno.
Correo electrónico	

3. ACTIVIDADE SOLICITADA	
Solicita asistir á <i>Xornada sobre a protección da legalidade urbanística</i> que terá lugar o 29 de xaneiro de 2010 na Escola Galega de Administración Pública (EGAP), rúa de Madrid, 2-4, polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela.	
Sinatura,	
	..... de ..... de ..... de 2010
Os datos de carácter persoal contidos no impreso poderán ser incluídos nun ficheiro para o seu tratamento por este órgano administrativo, como titular responsable deste, no uso das funcións propias que ten atribuídas e no ámbito das súas competencias. Así mesmo, infórmase da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo isto de conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal (BOE nº 298, do 14 de decembro de 1999)	

(1, 2 e 3): cubrir só en caso de ser funcionario ou funcionaria.

DIRECTOR DA EGAP. Polígono das Fontiñas, rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)